

RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE AGADER POLA QUE SE MODIFICA A DATA FINAL DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO ORZAMENTO APROBADO PARA A ANUALIDADE 2018 EN RELACIÓN COAS RESOLUCIÓNS DE CONCESIÓN DE AXUDA DA SUBMEDIDA 19.4A (GASTOS EN CUSTES CORRENTES OU DE FUNCIONAMENTO DOS GDR) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

A Axencia Galega de desenvolvemento Rural (en adiante Agader) é un ente de dereito público creado pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, modificada tanto pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica á Lei 7/1996 e a Lei 5/2000, como pola Lei 15/2010, do 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

No marco das funcións que esas normas lle atribúen á Agader, correspóndelle a esta a xestión dos recursos destinados á dinamización das áreas rurais.

O Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), fixa os obxectivos a que debe contribuír a política de desenvolvemento rural e as correspondentes prioridades da Unión en materia de desenvolvemento rural.

Sobre a base deste regulamento, e no marco das directrices estratéxicas comunitarias de Desenvolvemento rural para o período 2014-2020, do Acordo de asociación e do Marco nacional de Desenvolvemento rural a Comunidade Autónoma de Galicia elaborou o PDR de Galicia 2014-2020, que foi aprobado mediante Decisión de execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011), e modificada pola decisión de execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo de 2018.

A raíz da aprobación do PDR de Galicia para o período 2014-2020, publicouse o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aprobaron as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocou o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

Posteriormente, o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 veu a resolver a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.



Os GDR seleccionados asinaron un Convenio de colaboración, o 13 de decembro de 2016 coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER), para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia.

O 9 de abril de 2018, o director xeral da Agader emitiu as correspondentes resolucións de concesión das axudas aos 24 GDR de Galicia seleccionados para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento rural durante o período 2014-2020; no tocante ao orzamento e ás partidas elixibles para os gastos correntes e de funcionamento correspondentes á anualidade 2018. O prazo previsto para a execución e xustificación dos gastos correspondentes á citada anualidade 2018 estaba establecido no 15 de novembro de 2018.

Tendo en conta os problemas de liquidez dos GDR derivados da non realización efectiva dos pagamentos a conta por parte do Organismo Pagador, e coa finalidade de facilitar unha execución o máis eficiente posible da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020,

RESOLVO, en relación ás resolucións de concesión de axuda emitidas en relación ás resolucións de concesión de axuda emitidas durante a anualidade 2018, a favor dos 24 GDR de Galicia seleccionados para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e que se tramitan no marco da submedida 19.4A (gastos en custes correntes ou de funcionamento dos GDR) do citado PDR:

1. Modificar, no marco da submedida 19.4A (gastos en custes correntes ou de funcionamento dos GDR) do PDR, a data máxima para a execución e xustificación do orzamento con cargo á anualidade 2018, así como para a presentación da documentación xustificativa ante a AGADER, de xeito que esta data pase do día 15 de novembro de 2018 que establecían inicialmente as resolucións de concesión da axuda ao día 30 de novembro de 2018.

A modificación da data final indicada no parágrafo anterior suporá, á súa vez, a modificación das resolucións individuais emitidas, durante a anualidade 2018, no ámbito da submedidas 19.4A (gastos en custes correntes ou de funcionamento dos GDR) no referente á data máxima para a execución e xustificación do orzamento con cargo á anualidade 2018, así como para a presentación da documentación xustificativa ante a AGADER.

2. A dita resolución notificaráselles aos interesados e aos GDR inmediatamente e daráselle publicidade no taboleiro e na páxina web de Agader.

O director xeral de Agader

Por suplencia (Resolución do 16/07/2018)

O subdirector de Relacións cos GDR

Javier Blanco Carballal.

